

Mercado de trabajo en Galiza

2016



INFORME MERCADO DE TRABAJO EN 2016

Cos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), máis os de contratos facilitados polo Servizo Público de Emprego (SEPE), e os que facilita a Axencia Tributaria a través do estudo Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias, podemos facer unha “radiografía” bastante precisa de como está e como evolucionou o mercado de traballo en Galiza no último ano (2016), así como con respecto ao inicio da crise.

Logo de 8 anos inmersos nunha forte crise, algúns indicadores macroeconómicos presentan signos positivos, tales como a evolución do PIB ou incluso a evolución da ocupación; pero se desagregamos estes indicadores, e analizamos máis polo miúdo, o único que esconden é un medre das desigualdades e da precariedade.

O PIB leva medrando 3 anos consecutivos, a ocupación dous anos, mais a participación da poboación asalariada na renda continúa descendendo. Loxicamente, isto débese ao tipo de emprego que se está creando.

A Enquisa de Poboación Activa amosa un incremento da ocupación do 2,3% no ano 2016 con respecto ao ano anterior; a maioría, persoas asalariadas no sector servizos, cun contrato temporal de moi escasa duración; e polo tanto cuns ingresos moi cativos.

Tamén se estima un incremento importante dos traballadores/as independentes ou empresarios/as sen persoal asalariado, o que coloquialmente se coñece como persoal autónomo ou máis recentemente como falso autónomo; no último ano incrementouse este colectivo un 7,2%. As importantes axudas para potenciar este tipo de emprego están dando resultados. Son moitos os fondos destinados a este fin, xa que non só existe a chamada “tarifa plana” a nivel estatal, senón que no caso da propia Xunta de Galiza o programa específico que ten para este colectivo foi o que máis medra en dotación para o ano 2017, dentro dos de fomento do emprego. Este tipo de emprego, na maioría dos casos, agocha precariedade, xa que traballan para unha única empresa que impón este tipo de relación laboral, dado que lle é máis barato e cómodo, pero na práctica funcionan como xente asalariada; de feito, xa se coñecen como falsos autónomos ou falsas autónomas.

En resumo, medra o emprego pero é emprego precario. Así, segundo os datos da Axencia Tributaria, no único grupo onde medran as persoas asalariadas é nos que ingresan menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional. Aumentan as persoas con traballo pero que continúan sendo pobres.

Logo debullaremos máis polo miúdo estes datos. Imos comezar pola poboación activa.


Poboación activa.

A perda de poboación activa foi unha constante nos últimos anos. No último ano reduciuse en 4.600 persoas, e desde o inicio da crise a caída afectou a 58.700 persoas. Desde o ano 2012 a perda é constante.

Evolución da poboación activa. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Activos	1.314,8	1.317,4	1.304,40	1.316,60	1.317,70	1.290,90	1.273,90	1.260,70	1.256,10

Fonte: EPA. IGE



No gráfico anterior temos unha nítida fotografía da evolución da poboación activa nestes últimos 8 anos. Desde o ano 2012, a perda é continua e moi acusada, converténdose nun dos principais problemas do mercado de traballo galego.

A evolución da poboación activa, así como a súa estrutura e distribución, dan a medida do potencial produtivo, da capacidade de emprego que realmente pode ser mobilizado. No caso de Galiza este está en franco retroceso, e o que aínda máis grave, a súa estrutura fica moi desequilibrada.

Á perda de activos polo proceso demográfico natural sumouse nos últimos anos a emigración; emigración de miles de mozos e mozas, que agravou a xa endeble estrutura demográfica galega.


Non dispomos de todos os datos para unha serie tan longa, polo que en moitos casos temos que utilizar o terceiro trimestre de 2009 como primeiro da serie.

Evolución da poboación activa segundo grupos de idade. Datos en miles


Galiza	2009/III	2015	2016	Variación abs.	
				16/09	16/15
Total	1.317,30	1.260,70	1.256,10	-61,20	-4,60
De 16 a 24 anos	112,5	64,1	62,1	-50,40	-2,00
De 25 a 34 anos	359	272,5	256,3	-102,70	-16,20
De 35 a 44 anos	365,2	388,8	388,6	23,40	-0,20
De 45 a 54 anos	297,6	330,5	336,5	38,90	6,00
De 55 e máis anos	182,9	204,7	212	29,10	7,30

Fonte: EPA. IGE

2009



2016



Non só se perdeu poboación activa (61.200 persoas desde o ano 2009, 4.600 das cales foi neste último ano), senón que o descenso afectou á poboación máis nova.

No gráfico, onde aparece a poboación activa segundo o grupo de idade en porcentaxe do total, vese claramente como se reduce a porción de persoas activas de menor idade. A poboación de 16 a 24 anos pasou de representar o 8,5% da poboación activa no ano 2009 ao 4,7% no 2016. Algo semellante pasou co seguinte grupo de idade, os de entre 25 a 34 anos, que pasaron de representar o 27,3% ao 19,5% en 2016. En conxunto as persoas menores de 34 anos perderon 11,3 puntos; en termos absolutos son 153.100 activos e activas menos destas idades (18.200 no último ano).

Cada ano o avellentamento da poboación activa é maior.


Poboación ocupada.

Despois dun quinquenio de perda de emprego, nos dous últimos anos produciuse unha recuperación. Aínda así, estímase que o número de empregos perdidos desde o inicio da crise acada as 160.000 persoas.

Evolución da poboación ocupada segundo sexo. Datos en miles

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Total	1.201,20	1.155,40	1.104,50	1.089,30	1.047,20	1.006,40	998	1.017,20	1.040,60
Homes	672,3	630,8	602,7	586,6	554,6	530,6	524,3	538,2	549
Mulleres	528,9	524,6	501,8	502,7	492,6	475,8	473,7	479	491,7

Fonte: EPA. IGE



No último ano -2016- de media aumentaron as persoas ocupadas en Galiza un 2,2%, isto é, 23.400 ocupadas máis que no ano anterior. É o segundo ano con incremento da ocupación; aínda así, estímase 160.000 persoas ocupadas menos que ao inicio da crise.

A destrución de emprego, como xa sabemos, non afectou igual ás mulleres que aos homes, especialmente nos primeiros anos da crise, onde a destrución de emprego masculino foi especialmente acusada. De feito, no ano 2014 chegou a haber a menor diferenza entre ocupados e ocupadas da historia. A partir de aquí, non hai unha tendencia clara; no ano 2015 medrou moito máis o emprego masculino, pero neste último ano foi o feminino o que tivo un mellor comportamento.

Desde o ano 2008 a ocupación masculina descendeu un 18% e a feminina un 7%.

- **Continúa a perda de emprego entre a mocidade.**

Tamén a idade marca diferenzas. Para esta variábel, só dispomos de datos desde o terceiro trimestre do ano 2009.

Ocupados por grupos de idade. Datos en miles

	2009/III	2015	2016	Variacións	
	Total	Total	Total	16/09	16/15
Total	1.156,20	1.017,20	1.040,60	-115,60	23,40
De 16 a 24 anos	77,7	36,2	37,1	-40,60	0,90
De 25 a 34 anos	308,8	208,1	203,2	-105,60	-4,90
De 35 a 44 anos	329,3	321	329,5	0,20	8,50
De 45 a 54 anos	271,7	275,6	285,4	13,70	9,80
De 55 e máis anos	168,7	176,3	185,5	16,80	9,20

Fonte: EPA. IGE

Todo o emprego que se perdeu durante este período foi entre a mocidade. Desde o terceiro trimestre do ano 2009 ata 2016 descendeu a ocupación en Galiza en 115.600 persoas, mais entre a xente moza, de menos de 34 anos, a caída do emprego afectou a 146.200 persoas. A partir desta idade medrou o número ocupados/as.

Neste último ano, que se saldou cun medre do emprego importante, en troca, entre as persoas con idades comprendidas entre os 25 e os 34 anos continuou descendendo; concretamente, 4.900 persoas destas idades perderon o posto de traballo.

A partir dos 35 anos estímase que hai máis poboación ocupada que ao inicio da crise.

O peso das persoas menores de 35 anos na ocupación caeu 10 puntos neste período. No ano 2009 o 33% dos ocupados e ocupadas galegas tiñan menos de 35 anos; hoxe esa porcentaxe anda polo 23%.

O sector de actividade tamén marca importantes diferenzas.

- **O sector da construción continúa perdendo emprego.**

Ocupados/as segundo sector de actividade. Datos en miles.

	2008	2015	2016	Variación	
	Total	Total	Total	16/08	16/15
Total	1.201,20	1.017,20	1.040,60	-160,60	23,40
Agricultura e pesca	96,5	63,7	71,4	-25,10	7,70
Industria	215	159,5	161,9	-53,10	2,40
Construción	134,2	73,6	71,8	-62,40	-1,80
Servizos	755,4	720,4	735,5	-19,90	15,10

Fonte: EPA. IGE

Aínda que todos os sectores perderon parte dos empregos durante esta longa crise, as diferenzas entre uns e outros foron cuantiosas e na recuperación mantéñense estas diferenzas.

Sen dúbida, foi no sector da construción onde se perderon a maioría dos postos de traballo; concretamente uns 62.400 dos 160.600 empregos destruídos, o 38,8%. Séguelle, e a unha distancia moi curta, o sector industrial, no cal se perderon 53.100 postos de traballo.

As actividades relacionadas co sector servizos foron as que mellor resistiron este período. Hoxe estímase que o emprego descendeu en 19.900 persoas desde o ano 2008; e é no sector que máis emprego se está creando desde que variou a tendencia. Concretamente, no último ano, incrementouse a ocupación neste en 15.100, o 65% de todos os novos ocupados e ocupadas.

Así, no ano 2008 o sector servizos acollía o 62,8% dos ocupados e ocupadas, e de media, no ano 2016, o 70,6%.

Neste último ano, no sector da construción continuouse destruíndo emprego.

- **En termos relativos, o maior incremento do emprego no ano 2016 foi entre as persoas con traballos independentes ou persoas empresarias sen asalariados/as.**

Ocupados/as segundo categoría profesional. Datos en miles.

	2009/III	2015	2016	Variación	
	Total	Total	Total	16/09	16/15
Total	1.156,20	1.017,20	1.040,60	-115,60	23,40
Empresario/a con asalariados/as	81,2	68,9	64,7	-16,50	-4,20
Traballador independente ou empresario/a sen asalariados/as	152,7	139,9	150,1	-2,60	10,20
Asalariado/a do sector público	198,3	181	182,8	-15,50	1,80
Asalariado/a do sector privado	707,4	619,2	635,1	-72,30	15,90
Axuda na empresa ou negocio familiar	15,2	7	5,7	-9,50	-1,30
Outros/as	1,4	1,3	2,3	0,90	1,00

Fonte: EPA. IGE

As persoas máis afectadas pola destrución de emprego durante este período de crise foron as asalariadas tanto do sector público como do privado, así como os empresarios/as con asalariados/as a cargo; estes últimos incluso seguiron descendendo neste último ano.

Durante 2016, a recuperación de emprego deuse sobre todo entre asalariados e asalariadas, e entre persoas con traballos independentes ou empresarios/as sen persoas asalariadas, o coñecido como emprego autónomo. En termos porcentuais, foi este colectivo o que máis medrou. De feito, é polo emprego autónomo polo que se está apostando tanto desde a administración central como desde a autonómica. A través da chamada “tarifa plana” desde o goberno central e con cuantiosas axudas desde a autonómica. De feito, é dentro dos programas de emprego o destinado a emprego autónomo o que máis aumenta a súa contía nestes últimos orzamentos acabados de aprobar.

Trátase dunha aposta claramente política por un tipo de traballo independente, o cal en principio non crea problemas aos gobernantes, pero si se están creando outro tipo de problemas e importantes. Así, moitas empresas obrigan a parte do seu cadro de persoal a acollerse a esta modalidade situando as persoas nunha situación “ilegal”; de feito, xa o termo falso autónomo ou falsa autónoma é sobradamente coñecido.

Tampouco debemos esquecer o rexeitamento que a “tarifa plana” tivo, non só pola sociedade en xeral que vía nela unha maneira de baleirar as arcas da Seguridade Social para logo xustificar o seu déficit, senón polo propio empresariado que vía competencia desleal fronte á xente autónoma de máis antigüidade.

Entre os asalariados e as asalariadas medrou a ocupación neste último ano. Outro tema é a calidade dos novos empregos.

- **En 2016 medrou a taxa de temporalidade.**

Asalariados/as segundo tipo de contrato. Datos en miles.

	Asalariados/as			Variación	
	2009	2015	2016	16/09	16/15
Total	898	800,2	817,9	-80,10	17,70
Contrato indefinido	659,8	596,7	603,4	-56,40	6,70
Contrato temporal	238,2	203,5	214,4	-23,80	10,90
Taxa de temporalidade	26,5	25,4	26,2		

Fonte: EPA. INE

O 70% dos asalariados e asalariadas que perderon o posto de traballo durante este período de crise tiñan un contrato indefinido. Agora que se está recuperando emprego asalariado, este é sobre todo emprego temporal, situándose novamente a taxa de temporalidade por riba do 26%.

O tipo de xornada é outra variábel do mercado de traballo que mudou neste período.

- **O 13,6% da poboación ocupada ten xornada parcial.**

Ocupados/as segundo tipo de xornada. Datos en miles

				Variación	
	2009/III	2015	2016	16/09	16/15
Total	1.156,20	1.017,20	1.040,60	-115,60	23,40
Completa	1.031,60	871,3	898,5	-133,10	27,20
Parcial	124,6	145,9	142,2	17,60	-3,70

Fonte: EPA. IGE

No ano 2009, as persoas traballadoras con xornada parcial representaban o 10,7% do total; de media, no ano 2016 acadan o 13,6%, 3 puntos máis. Todo o emprego que se destruíu durante este período afectou a persoas que dispuñan dun traballo a xornada completa. Pola contra, de media no período, medraron as persoas ocupadas a xornada parcial.

No último ano parece que esta tendencia se reverte, xa que se aprecia un descenso da poboación ocupada a xornada parcial e un medre da que está a xornada completa.

As diferenzas entre homes e mulleres con respecto ao tipo de xornada mantéñense semellantes ás do ano 2009; en torno ao 76% dos traballos a xornada parcial son realizados por mulleres.

Ocupados/as por sexo e tipo de xornada

	Total		Homes		Mulleres	
	2010	2016	2010	2016	2010	2016
Total	1.104,50	1.040,60	602,7	549	501,8	491,7
Completa	977,5	898,5	574,5	515,4	403	383,1
Parcial	127	142,2	28,2	33,6	98,9	108,6

Fonte: EPA. IGE

Aínda que neste período aumentou o uso das xornadas parciais entre a poboación masculina, un 19%, o peso sobre o total continúa sendo moi cativo, xa que entre a poboación feminina tamén este tipo de xornada medrou. Así, de media neste período o uso da xornada parcial pasou do 19% ao 22% entre as mulleres ocupadas, mentres que, entre os homes, pasou dun 4,6% no ano 2009 a un 6,1% no ano 2016.

Aumentan as persoas con contratos a xornada parcial, aumentan as persoas asalariadas con contrato temporal e redúcese ao tempo medio de duración dos contratos.

Para analizar a duración media dos contratos utilizamos os datos que sobre estes facilita o Servizo Público de Emprego.

Contratos


Antes de analizar a duración media dos contratos, imos ver como foi a evolución xeral.

Contratos rexistrados segundo modalidade de contratación.

	2008	2010	2012	2013	2015	2016
Total contratos iniciais	752.516	653.072	671.782	684.507	853.667	915.628

De duración indefinida	46.423	32.460	53.540	31.520	40.672	42.737
Temporais ou de duración determinada	706.093	620.612	618.242	652.987	812.995	872.891
Conversiones a indefinidos	41.654	27.552	21.583	22.271	24.167	28.486
Total	794.170	680.624	693.365	706.778	877.834	944.114

Fonte: SEPE



Ano tras ano acádase un máximo histórico no que a número de contratos rexistrados se refire.

Desde o ano 2009 ao 2015 estívese perdendo emprego en Galiza todos os anos. Porén, esta tendencia non se reflectiu na contratación. Desde o 2009 ata o 2011, baixou lixeiramente o número de contratos, pero a partir deste ano, e a pesar de que se continuou destruindo emprego, a contratación volveuse incrementar e en valores nada desprezáveis, pero só medraron os contratos temporais.

No ano 2008 a porcentaxe de contratos indefinidos (sumando indefinidos iniciais máis convertidos a indefinidos) era do 11% sobre o total. De media, no ano 2016 foi do 8%.

O gráfico é moi ilustrativo desta evolución. Nel apréciase claramente o ensanchamento das diferenzas entre os contratos indefinidos e os rexistrados baixo algunhas das modalidades de contratación temporal.


Forte aumento dos contratos a tempo parcial.

Tamén son igual de ilustrativos o cadro e gráfico seguintes, onde se achega a evolución da contratación segundo a duración da xornada dos contratados.

Evolución dos contratos segundo tipo de xornada.

	2008	2010	2012	2014	2016
Total	794.170	680.624	693.365	786.193	944.114
A tempo completo	597.139	484.314	438.022	494.138	587.912
A tempo parcial	192.497	191.928	251.529	287.855	350.658
Fixo discontinuo	4.534	4.382	3.814	4.200	5.544

Fonte: SEPE



Cun maior número de contratos rexistrados no ano 2016 que no ano 2008 (150.000 máis), os contratos a tempo completo son inferiores aos do inicio da crise, mentres que os a tempo parcial medraron considerabelmente. No ano 2008 o 24% do total de inscritos fora con xornadas parciais; no ano 2016 foron o 37% os que se rexistraron a tempo parcial, 13 puntos máis.

En termos absolutos pasouse de 597.139 contratos a xornada completa no ano 2008 a 587.912 no ano 2016. Pola contra, os contratos a tempo parcial foron 192.497 os rexistrados en 2008 e en 2016 acadaron os 350.658. Claramente se reflicte un cambio na forma de contratar durante este período.

O 35% dos contratos duraron menos dunha semana en 2016.

Pero non só existe un abundante número de persoas con contratos a tempo parcial, senón que son de moi escasa duración.

Contratos segundo duración. Ano 2016

Total	942.452	100,0
Indefinidos	45.247	4,8
Temporais	897.205	95,2
Menos de 1 semana	311.030	33,0
De 1 semana a 1 mes	99.414	10,5
De 1 a 6 meses	161.694	17,2
De 6 meses a 1 ano	19.231	2,0
Máis de 1 ano	3.079	0,3
Indeterminado	302.757	32,1


Fonte: SEPE

Dos novos contratos (faltarían os convertidos a indefinidos) apenas o 4,8% se rexistraron baixo algunha das modalidades de contratación indefinida; o 95,2% restante foron de carácter temporal.

Pero máis grave, se cadra, é a escasa duración destes contratos temporais. Loxicamente é a escasa duración dos contratos a que permite este elevado nivel de contratación xa que non chega aos 230.000 a poboación asalariada con contrato temporal en 2016. De media, sae en torno aos 4 contratos por persoa asalariada temporal, pero isto é unha media, xa que estes contratos son de duración indeterminada (moi comúns en contrato por obra ou entre os eventuais por circunstancias da produción), que poden durar anos ou días, pero que nos impiden concretar máis as duracións medias.

Tendo en conta só os temporais, as duracións medias son escandalosas.

Porcentaxe de contratos temporais segundo duración.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Hai un 34% de contratos de duración indeterminada, e probabelmente moitos deles durasen menos dunha semana, pero aínda excluindo estes, temos que o 35% durante o ano 2016 tiveron unha duración inferior á semana. Se engadimos o 11% cunha duración inferior ao mes, situámonos no 46% do total da contratación.

No polo oposto estarían os contratos de máis dun ano que foron o 0,3%, apenas 2.079 contratos.

En canto á duración, apenas se aprecian diferenzas entre homes e mulleres. As maiores diferenzas a favor dos homes é entre os contratos de duración indeterminada, mentres que as mulleres teñen maior peso que os homes nos contratos que duran entre 1 e 6 meses.

No ano 2009 os contratos que duraban menos dunha semana eran o 12,9% do total.

Loxicamente, esta precarización da contratación leva a un descenso dos ingresos da clase traballadora. Para isto utilizamos os datos da Axencia Tributaria.

Ingresos salariais.

A desagregación das persoas asalariadas segundo os ingresos en relación ao SMI (Salario Mínimo Interprofesional) permítenos ver como evolucionou a precarización salarial entre a clase traballadora.

Asalariados/as segundo ingresos en relación ao SMI.

Tramos de salario	2009		2014		2015	
	Asalariados /as	Salario Medio Anual	Asalariados /as	Salario Medio Anual	Asalariados /as	Salario Medio Anual
Total	1.092.731	18.217	968.376	17.729	994.736	17.839
De 0 a 0,5 SMI	158.709	1.947	177.314	1.883	184.164	1.806
De 0,5 a 1 SMI	131.733	6.597	123.402	6.800	125.929	6.869
De 1 a 1,5 SMI	159.154	11.055	130.974	11.398	137.316	11.458
De 1,5 a 2 SMI	206.880	15.305	160.139	15.843	163.387	15.899
De 2 a 2,5 SMI	131.141	19.443	115.696	20.123	117.837	20.238
De 2,5 a 3 SMI	82.188	23.841	71.418	24.751	71.462	24.830
De 3 a 3,5 SMI	57.605	28.317	57.102	29.258	57.354	29.434
De 3,5 a 4 SMI	42.870	32.624	39.357	33.737	40.469	33.920
De 4 a 4,5 SMI	34.144	37.074	30.568	38.200	30.400	38.477
De 4,5 a 5 SMI	27.641	41.335	17.084	42.717	19.153	42.830
De 5 a 7,5 SMI	42.838	51.579	33.149	53.801	34.399	54.030
De 7,5 a 10 SMI	11.459	74.444	8.167	76.378	8.602	76.786
Máis de 10 SMI	6.068	129.633	4.005	141.375	4.263	151.733

Fonte: Axencia Tributaria. *Mercado de traballo e pensiones en las fontes tributarias.*

O salario bruto medio anual en 2015 incrementouse un 0,6% con respecto a 2014. Mais se a comparación a facemos con respecto a 2009, os salarios aínda son un 2,1% inferiores.


A poboación asalariada pertencente aos intervalos que non sexa o primeiro -menos da metade do SMI- viron aumentados os seus ingresos no último ano. As persoas que máis, as de máis de 10 veces o SMI.

É de salientar que o grupo de maiores ingresos non só foi o que máis incrementou o ingreso medio, senón que, despois de Madrid, Galiza é a segunda Comunidade onde este colectivo ten o salario medio máis elevado.

Un ano máis, é o colectivo de traballadores/as con ingresos brutos inferiores á metade do SMI -neste último ano inferiores a 1.806 euros anuais- o único colectivo no que se

reduce o salario medio, concretamente un 4% no último ano. Pasouse de 1.883 a 1.806 euros anuais, e ao mesmo tempo, é o colectivo que máis medra en número.

No gráfico seguinte apréciase claramente a afirmación anterior.




A partir deste intervalo de ingresos, baixa fortemente o número de persoas asalariadas, pero non así o salario medio, que se incrementa, aínda que lixeiramente, ata o último tramo –ingresos superiores a 10 veces o SMI-, onde o incremento do salario medio se dispara.

Este é a tendencia dos últimos anos que vén alargando fortemente as desigualdades entre a clase traballadora. No ano 2009 pertencían ao colectivo de menos da metade do SMI o 14,5% dos asalariados e asalariadas de Galiza. No ano 2015 o 18,5% están encadrados dentro deste intervalo, 4 puntos máis. Hai 25.000 persoas máis nesta situación.

Se os ingresos que máis descenden son os do intervalos de menores ingresos, e os que máis medran son os de intervalo de maiores ingresos, o ensanchamento das diferenzas dispárase. Así, no ano 2009 o salario medio dunha persoa do intervalo de maiores ingresos equivalía a 66 traballadores/as de menores ingresos; no ano 2015 a relación é 1 a 84. Pouco máis se pode dicir.

Se collemos a xente con ingresos que acaden ata o SMI, estamos no 30,7% do total; ou o que é o mesmo, o 30,7% das persoas con salarios en Galiza non acadaron o SMI bruto anual. Estamos falando de 310.093 asalariados/as, dos cales 184.164 non acadaron os 1.806 euros ao ano.

O gráfico é moi ilustrativo.




As diferenzas por idade son moi elevadas e incrementáronse fortemente desde o ano 2009.

Asalariados/as e salario medio anual (SMA) segundo a idade.

Tramos de idade	2009		2014		2015		Variación	
	Asalariados/as	SM A	Asalariados/as	SM A	Asalariados/as	SM A	Salarios 15/09	% salarios / SM
Total	1.092.431	18.217	968.376	17.729	994.736	17.839	-2,1	
Menor de 18	3.754	4.358	1.786	3.895	1.685	3.528	-19,0	19,8
De 18 a 25	120.339	8.341	72.849	6.020	75.979	6.032	-27,7	33,8
De 26 a 35	326.813	15.442	239.888	13.629	232.323	13.798	-10,6	77,3
De 36 a 45	294.263	19.546	296.077	18.564	302.413	18.848	-3,6	105,7
De 46 a 55	224.072	23.116	227.710	21.694	235.667	21.906	-5,2	122,8
De 56 a 65	114.977	24.012	121.882	23.680	130.234	23.541	-2,0	132,0
Mais de 65 anos.	8.213	17.222	8.184	15.992	16.435	8.915	-48,2	50,0

Fonte: Axencia Tributaria. *Mercado de traballo e pensiones en as fontes tributarias.*

Salario medio segundo a idade. Ano 2015



Ata a xubilación, aos 65 anos, hai un incremento exponencial do salario anual bruto a medida que aumenta a idade do traballador ou traballadora. De feito, o salario medio dun traballador ou traballadora de 56 a 65 anos multiplica por 7,6 o dun menor de 18; no ano 2009 era 6 veces superior.

Durante este último período analizado, estas diferenzas non fixeron máis que medrar, xa que se ben todas as persoas con salarios perciben menos ingresos que no ano 2009, as caídas máis abruptas déronse entre a mocidade. Quen máis perdeu foi a poboación con idades comprendidas entre os 18 e 25 anos, xa que os seus ingresos anuais foron un 27% inferiores aos do ano 2009; séguenlles as persoas menores de 18 anos, cunha perda salarial bruta anual do 19%.

Ata superar os 36 anos, de media, non se acada o salario medio galego, que no ano 2015 foi de 17.839 euros brutos ao ano. A poboación menor de 18 anos apenas ingresa o 19,8% deste salario medio. O 33,8% alcánzano os de idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos.

O grave é que non é un problema de idade, e que polo tanto se curaría co paso do tempo; o problema é do momento en que se entra no mercado de traballo. A xente que comezou a traballar ou que cambiou de traballo nos últimos anos viuse abocada a un traballo destas características (de escasa duración e mal pagado), independentemente da idade que tivese. Como a mocidade pola evolución natural, se incorporou neste período, resulta o colectivo máis prexudicado.

Ser home ou muller continúa marcando diferenzas de ingresos.

Asalariados/as e Salario Medio segundo sexo.

Sexo	2009		2014		2015	
	Asalariados/as	Salario Medio Anual	Asalariados/as	Salario Medio Anual	Asalariados/as	Salario Medio Anual
Total	1.092.431	18.217	968.376	17.729	994.736	17.839
Home	612.258	20.271	517.501	19.746	528.694	19.899
Muller	479.849	15.594	450.875	15.414	466.042	15.501

Fonte: Axencia Tributaria. *Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias.*

No ano 2015, de media, unha muller ingresou o 77,8% do que ingresou un home; no ano 2009 foi o 76,9%. Logo deste período acurtáronse levemente as diferenzas, mais este acercamento non se debeu a un maior incremento dos salarios das mulleres, senón a un maior descenso dos salarios dos homes comparativamente coas mulleres.

O mesmo que ocorre coa taxa de paro. Prodúcese un estreitamento das diferenzas, pero provocado polo empeoramento das condicións laborais masculinas, non pola mellora das femininas.

Xunto á idade e ao sexo, traballar nunha determinada actividade económica ou noutra tamén marca fortes diferenzas de ingresos.

Asalariados/as e Salario Medio Anual (SMA), segundo ramas de actividade.

Fonte: Axencia Tributaria. *Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias.*

	2009		2014		2015		Variación	
	Asal.	SM A	Asal.	SM A	Asal.	SM A	Asal	SMA 15/09t
Galiza								
Total sectores	1.092.431	18.217	968.376	17.729	994.736	17.839	-8,9	-2,1
S. primario	22.570	13.807	24.493	13.351	25.189	14.184	11,2	2,7
Industria extractiva, enerxía e auga	17.432	24.009	12.006	26.615	11.485	28.060	-34,1	16,9
Industria	155.134	18.853	125.508	19.967	127.357	19.970	-17,9	5,9
Construción	132.698	16.361	76.289	16.266	77.180	16.851	-41,8	3
Comercio	234.185	15.586	212.283	16.232	218.067	16.588	-6,9	6,4
Información e comunicacións	24.513	21.111	21.183	21.258	19.064	22.607	-22,2	7,1
Entidades financeiras e aseguradoras	29.705	31.938	29.011	26.776	23.869	30.501	-19,6	-4,5
Servizos ás empresas	120.271	14.326	113.104	14.044	120.746	14.068	0,4	-1,8
Servizos sociais	259.149	24.510	249.387	22.699	257.109	22.452	-0,8	-8,4
Outros servizos persoais e de ocio	96.773	9.128	105.111	8.112	114.670	8.491	18,5	-7

As diferenzas salariais maiores danse entre as persoas que traballan noutros servizos persoais e de lecer e en entidades financeiras e aseguradoras. O salario medio destas últimas multiplica por 3,6 o salario medio das primeiras. Estas diferenzas agrandáronse neste período, xa que entre as traballadoras e traballadores doutros servizos persoais e de lecer foi entre as que máis baixou o salario medio, e en cambio no que máis aumentou o número de persoas asalariadas.

En xeral, baixou máis o emprego nas actividades con maiores ingresos e medrou no de menores salarios.

Todos os movementos que se están dando no mercado de traballo galego están abocando a un forte incremento da precarización da clase traballadora, tanto polas actividades nas que se crea emprego, como pola escasa duración dos contratos, polos baixos salarios, etc.

Afiliación á Seguridade Social.


Outra forma de medir a ocupación é a afiliación á SS. Neste caso non se trata dunha enquisa senón dun rexistro administrativo, e nel están incluídas todas as persoas que estiveron de alta (de media) durante o ano. Normalmente os datos non son coincidentes cos da EPA, entre outras cousas porque a EPA considera poboación ocupada as persoas que traballaron como mínimo unha hora na semana anterior a facer a enquisa, aínda que sexa como axuda familiar, mentres que para a SS esas persoas teñen que estar de alta. Porén, o que normalmente coincide é a tendencia.

A tendencia nos último anos foi como segue.

Afiliación media á SS.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Afiliación á SS	1.072.535	1.029.625	1.007.447	980.280	941.186	913.755	918.806	937.414	953.775

Fonte: Tesouraría xeral da SS.



Con respecto a 2015, a afiliación media en Galiza aumentou en 16.361 persoas. Este é o terceiro ano consecutivo no que aumenta a afiliación, pero o incremento xa se atenuou con respecto ao producido no 2015.


Se a comparación a facemos co ano 2008, son 118.760 persoas afiliadas menos.

Poboación parada

Poboación parada.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Poboación parada	114,7	165,9	199,9	227,2	270,5	284,6	275,8	243,4	215,4

Fonte: EPA.IGE



Desde o ano 2013, as persoas paradas estimadas pola EPA descenderon en Galiza. Ata este ano dérase un crecemento exponencial, acadando nel as 284.600 persoas paradas.

Desde este ano o descenso foi paulatino. No último ano estímase que o paro se reduciu en 28.000 persoas. Desta redución, hai unha parte que se debe á perda de poboación activa e non ao incremento da ocupación.

Se comparamos o descenso do desemprego co incremento da afiliación á SS, vemos que esta foi inferior, o cal demostra que unha parte do descenso do desemprego é por quedar fóra do mercado de traballo, ben por emigración, por xubilación...

Taxa de paro por grupos de idade.

	2009/III	2015	2016
--	----------	------	------

	Galiza	Galiza	Galiza
Total	12,2	19,3	17,2
de 16 a 19 anos	41	63,7	57,1
de 20 a 24 anos	28,6	40,6	38,3
de 25 a 29 anos	16,8	27,4	23,8
de 30 a 34 anos	11,7	21	18,4
de 35 a 39 anos	10,5	17,2	15,7
de 40 a 44 anos	9,2	17,6	14,8
de 45 a 49 anos	7,8	16,9	15,9
de 50 a 54 anos	9,8	16,3	14,3
de 55 a 59 anos	8,5	15,8	14,6
de 60 a 64 anos	8,2	12,2	11,3
de 65 e máis anos	0,6	1,8	1,3

Fonte: EPA. IGE

Con respecto a 2009, a taxa de paro reduciuse en 2 puntos, situándose no 17,2% da poboación activa. O descenso afectou por igual á poboación masculina e á feminina, situándose a taxa de paro das mulleres no 17,8% e a dos homes no 16,5%.

As maiores diferenzas danse por razón da idade.



Reduciuse a taxa de paro para todos os grupos de idade, pero as diferenzas entre uns e outros continúan moi semellantes. A taxa de paro da mocidade é 5,7 veces superior á que se produce entre 61 a 64 anos.

- **O 43,4% das persoas paradas levan máis de 2 anos en situación de desemprego.**

Parados/as segundo tempo á procura de emprego. Datos en miles.

	Total		
	2009/III	2015	2016
Total	161,1	243,4	215,4
Menos de 1 mes	12	9,3	10,2
De 1 a < 3 meses	23,2	23,2	22,6
De 3 a < 6 meses	26,5	20,8	20,5
De 6 meses a < 1 ano	36,2	28,8	24,9
De 1 ano a < 1 ano e medio	16,2	20,4	16,8
De 1 ano e medio a < 2 anos	10,3	22,2	15,5
Dous ou mais anos	23,6	105,3	93,6
Xa atopou traballo	13	13,4	11,4

Fonte: EPA.IGE.

Se o abano abarca ata máis dun ano no desemprego (o que se considera parados/as de longa duración), esta taxa acada o 58% das persoas.

A elevada porcentaxe de persoas con máis de dous anos no desemprego fai que queden fóra da prestación contributiva, e a medida que pasa o tempo tamén do subsidio. De aí que a redución de beneficiarios/as de prestacións sexa unha constante desde o ano 2010. No último ano descendeu 1,4 puntos.

- **Só o 47,7% da poboación parada percibe algunha prestación por desemprego.**

Parados/as rexistrados, beneficiarios/as de prestación.

	Parados/as medios	Beneficiarios/as de prestacións	Porcentaxe de parados/as con prestación
2008	162.512	94.300	58
2009	206.245	130.300	63,2
2010	226.237	149.600	66,1
2011	241.323	146.900	60,9
2012	270.515	158.600	58,6
2013	276.007	155.500	56,3
2014	256.966	134.700	52,4
2015	233.449	114.568	49,1
2016	212.563	101.347	47,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

O descenso do número das persoas beneficiarias de prestacións foi superior á caída das persoas desempregadas, e de aí que a porcentaxe descenda.

Non só descende a porcentaxe globalmente, senón que apenas o 40% das que perciben algunha prestación reciben a prestación contributiva. O resto, subsidio ou RAI, co conseguinte descenso de ingresos.

Crecemento económico con medre das desigualdades sociais é a conclusión dos datos macroeconómicos do ano 2016.

Vigo, febreiro de 2017

Natividad López Gromaz

(Gabinete técnico confederal)